

Instrución I/2006 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela que desenvolve a Resolución Reitoral de data 7 de marzo de 2005 pola que, se establece o réxime de prestación do persoal da USC que participe con ocasión da cesión de espazos

Confección da factura: a factura será confeccionada polos responsables de asuntos económicos dos centros nos que se realiza a cesión de espazos, agás os correspondentes a Pazo de Fonseca, Colexio San Xerome e Centro de Estudos Avanzados que será confeccionada polo Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

O concepto da factura pódese facer de xeito detallado, persoal, alugueiros, limpeza, etc, ou ben polo importe total dos diferentes conceptos, agás o IVE.

Modificacións orzamentarias: as modificacións orzamentarias serán instrumentadas polo Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería para o cal enviaráselle copia da factura emitida e, se nela non constara o detalle dos diferentes conceptos, haberá que indicar o detalle mediante documento anexo á factura.


Partidas orzamentarias sobre as que xerar crédito: o responsable de asuntos económicos dos centros indicarán a partida do centro que vaia ser receptora dos ingresos e o resto das partidas centrais tanto para o pagamento ao persoal como seguridade e limpeza corresponderá asignala ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

Tarifas: as tarifas a aplicar polo alugueiro de espazos son as aprobadas xunto co presuposto. As tarifas actualizaranse anualmente e estarán dispoñibles para a súa consulta na [páxina web de información económica](#).

Centros dos que os espazos son xestionados por Unixest: o responsable de asuntos económicos emitirá dúas facturas, unha pola porcentaxe do importe de alugueiro establecido e outra polos gastos de persoal cando proceda.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2006
A xerente en funcións,
Mar Rodríguez Fernández

Enlaces de documentación:

Resolución Reitoral de 7 de marzo de 2005:  [Tarifas prezos cesión espazos](#) [pdf - 123Kb][Actualizado: 15/05/2008]